

Antoin de Saint-Exupéry

EL PRINCIPÍN

Tradución eonaviega de Xavier Frías Conde

COLECTIVO DE ESCRITORES DO EO-NAVIA
COTARELO VALLEDOR



A León Werth

Pido perdón aos nenos por ter dedicado este libro a uha persoa maior. Teño uha desculpa muito bôa: esta persôa maior é el mellor amigo que teño no mundo. Mais teñovos outra desculpa: esta persôa maior é a entendela todo, mesmo os libros para nenos. E inda vos teño uha terceira desculpa: esta persôa maior vive en Francia, onde pase fame e frío. Por tanto, precisa muito que el consolen. Se estas desculpas non fosen abondo, daquela quero dedicar este libro al neno que foi hai tempo esta persôa maior. Todas as persoas maiores empezaron sendo nenos (mais poucas se recordan delo). Por tanto, corrixo a mía dedicatoria:

A LEÓN WERTH
cuando era cativo.

I

Cuando eu tía seis anos, vin nun libro sobre a floresta virxe que se intitulaba *Historias vividas* uha magnífica estampa, que representaba uha serpente boa a comer nuha fera. Velaquí uha copia dese debuxo.

No libro constatábase: 'Uha serpente boa engole a súa presa enteira dafeito, sen mastigar nela. Despois non se pode mover e dorme durante os seis meses que lle dura a dixestión'.


Daquela reflexionei muito sobre as aventuras da xungla e así volei en trazar cun lapis de color el meu primeiro debuxo. El meu debuxo número un era así:



Ensinei el obra de arte ás persôas maiores e pergunteilles se non lles poía medo

Retrucaronme: "Por que ía poerme medo un sombreiro?"

El meu debuxo non representaba un sombreiro. Representaba uha serpente boa a dixerir un elefante. Daquela debuxei el interior da serpente boa para que aquelas persôas maiores entendesen el que quería ensinarlles. Estas persôas sempre precisan explicaciois. El meu segundo debuxo foi así:



As persôas maiores aconsellaronme deixar el debuxo de serpentes boas, xa fosen abertas ou pechadas, e poer máis interese na xeografía, a historia, el cálculo ou a gramática. Foi así como al idade de seis anos abandonei uha marabillosa carreira de pintor. Quedara desilusionado polo fracaso dos meus debuxos un e dous. As persôas grandes sonvos incapaces de entenderen algo por elas mesmas e é aborrecido para os nenos haberlles explicar uha e outra vez as mesmas cousas.

Escollín, xa que lougo, outro oficio e aprendin a pilotar aviois. Enhalei uha migallía por todo el mundo e, certamente, a xeografía foime muito útil. Da primeira olladela era quen de distinguir A China de Arizona. Esto évos de verdade ben útil, sobretodo cuando un se perde de noite.

Al longo da mia vida tiven diversos contactos cun enxame de xente seria. Frecuentei muito a xente maior e coñecinna de cerca, mais a mia opinión sobre elos non mellorou.

Cuando atopaba daquén que me semellaba un pouco lúcido, sometialle á experiencia del meu debuxo número un que teño conservado sempre. Quería saber se de certo se trataba dun ser comprensivo. Mais invariablemente respondia: 'É un sombreiro'. Abstivenme de lle falar da serpente boa, da selva virxe e das estrelas. Poendome al sou nivel faleille de *bridge*, de golf, de política e de gravatas. E a persôa maior quedaba satisfeita de coñecer un home tan razoable.

II

Vivín así, solo, sen ninguén con quen falar de verdade, ata que hai seis anos tiven uha avaría no deserto del Sáhara. Algo descompuxérase no meu motor. Como non levaba mecánico nin pasaxeiros, prepareime para faer uha reparación ben difícil. Era para min uha cuestión de vida ou morte, pois que non tía agua máis que para oito días.

A primeira noite durmin sobre a arêa, a uhas mil millas de distancia del lugar habitado máis achegado. Estaba máis isolado que un náufrago nuha balsa salvavidas no medio del oceano. Imaxinádevos, xa que lougo, a mía sorpresa, cuando, al ameice-rín, espertoume uha vocecía graciosa que dicía:


– Por favor, píntame un cordeirin.

– Eh?

– Píntame un cordeiro.

Saltei como se petara un raio. Esbuliguei os ollos e descubrín un neno ben curiosín que me ollaba todo serio. Aí el tedes, ese é el mellor retrato que puden faer del máis tarde, inda que el meu debuxo é muito menos encantador que era el modelo, mais non é a mía culpa, porque as persôas maiores desilusionáronme na mía carreira de pintor á idade de seis anos e non aprendera que a debuxar boas abertas e boas pechadas.

Mirei, pois, aquela aparición con ollos desorbitados de pasmo. Non hai que esquecer que eu me atopaba no dermo a uhasmil millas del lugar habitado máis próximo. Aquel cativo non me parecía nin morto de canseira, nin fame, nin sede, nin medo.



Non tía, en absoluto, a aparencia dun neno perdido no dermo, a mil millas de distancia da vila habitada máis achegada. Cuando al cabo fun a me dirixir a el, díxenlle:

– Mais, el que faes tu aqui?

E el repetíume daquela, docemente, como se se tratar duha cousa muito importante:

– Por favor, píntame un cordeiro...


Cuando el misterio é tan impresionante, é imposible desobedecer. Por absurdo que parecer, a uhas mil millas del lugar habitado máis cerca, saquei del meu bolso uha folla de papel e uha pruma. Daquela recordei el que eu estudiara: xeografía, cálculo, historia e gramática, e díxenlle al neno, xa un pouco enoxado, que eu non sabía pintar.

– Tanto ten. Píntame un cordeiro.

Como nunca pintara un cordeiro, refíxen para el un dos dous únicos debuxos que eu era quen de realizar, ou seña, a boa pechada. E quedei abraiado cuando dixo:

– Non, non! Eu non quero un elefante nuha colobra. A colobra é mui perigosa e el elefante ocupa ben muito lugar. Na mia terra todo é mui pequeno. Preciso un cordeiro; pínrame un cordeiro!

Pintei un cordeiro. Miroulo atentamente e dixo:




– Non! Este é ruinuco. Fai outro.

Volvín pintar. El meu amigo sorriu docemente, con indulxencia.

– Esto non che é un cordeiro, é un carneiro, porque che ten cornos...

Xa desesperado e devecendo por comezar a desmontar o motor, garabatei axina un novo debuxo e mostreillo:



– Esta éche a caixa. El cordeirín que queres vai aí dentro – para el meu asombro, el rostro del meu xoven xuíz alumouse todo:

– Así é como eu el quería. Cuidas que este cordeiro precisará muita herba?

– Por que?

– Porque na mía terra todo é tan pequeno... Está durmido!

E foi así como coñecin el Principín.

III

Tomoume abondo tempo comprender de onde vía. El Principín, que podía faerme varias preguntas al mesmo tempo, non parecía xamais entender as de meu. Foron palabras pronunciadas descuidadamente as que, pouco e pouco, me revelaron el sou segredo. Así, cuando distinguiu pola primeira volta el meu avión (non vou pintalo por se tratar dun debuxo demasiado complicado para min) preguntoume:

– Que é esa cousa de aí?
– Eso non é uha cousa; eso enhala. É un avión. El meu avión. Sentíame orgulloso en lle dicindo que voaba. Daquela el berrou:

- E lougo, caíche del célo?
- Caín –respondín con modestia.
- Ah! É prestoso!

Al primeiro soltou uha gargallada e eso enoxoume muito. Gustavame que se tomasen as mias desgracias en serio. El ameceu:

- Daquela, tu tamén virás del célo. De que planeta?

Uha lucecía iluminaba el misterio da sua presenza e pergunteille bruscamente:

- É que tu veis doutro planeta?

Mais non retrucou. Baixaba a xeitín a cabeza, mirando detidamente para el meu avión.

- É certo que con eso non podes vir de mui lonxe...

E pareceu afundirse nos sous fantásticos pensamentos durante un pedazo longo. Lougo sacou del bolso el meu cordeiro e quedouse alí todo quedo a contemplar el sou tesouro.

Xa vos podedes imaxinar como me intrigou esta semiconfianza sobre *os outros planetas*. Esforceime, por tanto, en me enteirar de algo máis:

– De onde veis, rapacín? Onde está a túa terra? Onde queres levar el meu cordeirín?

Despois dun silencio meditativo, respondeume:

– El bon da caixa que me deche é que pola noite halle servir de casa.

– Claro. E se es bon, heiche dar tamén uha corda e un poste para amarrárelo durante el día.

Esta proposición pareceulle un pouco estraña al Principin.

- Amarralo? Que idea tan fata!

Se non o amarras, marchará onde queira. Perderáse...

– Onde queres que marche?

– Non cho sei... a calquera parte...

Daquela el Principín sinalou con gravidade.

– Tanto ten. É tan pequena a mía terra!

E ameceu quizais cuha certa señardade:

– A calquera parte. Non pode ir muito lonxe.

IV

Deste xeito, enteiraime del segundo detalle mui importante: el sou planeta de orixe era case del mesmo tamaño duha casa.

Esto non me podia asombrar muito. Sabia perfectamente que, aparte dos grandes planetas como Xúpiter, A Terra, Marte, Venus, aos cuais se lles deron nome, existen ducias doutros tan pequenos que, ás veces, é difícil distinguilos ata coa axuda dun telescopio. Cuando un astrónomo descobre un destes planetas, dálle un número por nome. Por exemplo, chamalo "Asteroide 3251".

Teño poderosas razóns para crer que el planeta del que via el Principín era el asteroide B612. Este asteroide namais foi visto uha vez polo telescopio no 1901 por un astrónomo turco.

Este astrónomo deu a coñecer a súa descuberta nun congreso internacional de astronomía, mais ninguén lle deu creto pola súa maneira de vestir. As persôas maiores sonvos así.

Felizmente para el asteroide B612, un dictador turco impuxo al sou pobo, baixo pena de morte, vestiren al europea. Daquela el sabio volveu dar a coñecer el sou descubrimento en 1920, lucindo un traxe mui elegante, polo que toda a xente aceptou a súa demostración.

Se contei todos estos detalles sobre el asteroide B612 e mesmo vos confiei el sou número, é por consideranza cós persôas maiores, ás que lles agradan muitos as cifras. Cuando se lles comenta acerca del esencial dun amigo novo, xamais preguntan nada interesante. Non se lles ocorre dicir: "Cual é el ton da sua voz?", ou "que xogos lle gustan?", ou "gústalle coleccionar avelías?", mais, en troque, han preguntarvos: "que idade ten?", "cuantos irmaos son?", "cuanto gaña sou pai?". Namais con esos detalles xa cren coñecelo.



Se dicemos a uha persôa maior: "vin uha casa ben guapía de ladrillo rubio, con xeranios nas ventás e palombas no louxado", xamais poderán imaxinar como é esa casa. Fai falta dicirlles: "vin uha casa que custa un millón de pesos". Daquela exclamarán: "Ouh! Que guapía é!"

Así, se lles dicimos: "a proba de que el Principín existiu está en que era un nenín encantador, que ría e que quería un cordeiro. El querer un cordeiro é uha proba irrefutable da súa existencia", as persôas maiores hanse encoller de ombreiros e tratárennos como cativos. Mais se lles dicimos que el planeta de onde vía el Principín era el asteroide B-612, daquela quedarán convencidos e non faerán máis preguntas. Así son eles e non hai que lles gardar rancor. Os nenos deben ser mui idulxentes cōas persôas maiores.

Para nós, que sabemos entender a vida, rímonos acougadamente dos números. A min, teríame gustado empezar esta historia como empezan os cuantos de fadas dos nenos. Teríame gustado dicir:

«Había uha vez un principín que habitaba un planeta case que tan grande como el e que precisaba un amigo...» Para aqueles que comprendan a vida, esto seríalles máis crible.

Desgustaríame que non se tomasen en serio el meu libro, senón á lixeira. Experimento uha pena mui fonda en contando

estos recordos. Hai xa seis anos que el meu amigo marchou coel sou cordeiro e se trato de el describir aquí e cõa fin de esqueicelo el menos posible. É mui triste esqueicer un amigo. E eu podoo chegar a ser como as persoas maiores, que apenas se interesan polos números. Para evitar esto, merquei uha caixía de lapis de cores. É mui difícil á mía idade poerse a debuxar cuando en toda a mía vida non fixen outra tentativa que a duha boa aberta e uha boa pechada cuando tía seis anos. Sen dúbida nenguha que tentarei faer retratos el máis asemellados posible, mais non estou certo de el conseguir. Un salirá ben e outro non terá parecido ningún. Equivocareime un pouco nas proporciois. Aquí el Principín será un pouco grande e alí abondo pequeno. Dubido tamén sobre a color dos sous vestidos. Dou voltas sobre esta e el outra cousa, e ás veces salme ben e ás veces mal. En fin, é posible que erre sobre certos detalles ben importantes, mais haberedes perdoarme porque el meu amigo nunca non me daba demasiadas explicaciois. Críame parello a el, mais por desgracia non son quen de ver un cordeirín através duha caixa. Al mellor son un pouco máis como as persõas maiores. Debo xa ter avellado.

V

Cada día aprendía algo novo sobre el sou planeta, sobre a partida e sobre a viaxe. Deste xeito, al terceiro día coñecín el drama dos baobabes.

Foi tamén al son del cordeiro, porque el Principín me preguntou con desasosego:

- É verdade que os cordeiros comen matos?
- É.
- Ah, que ledo estou!

Non entendín por que era tan importante para el que cordeiros comesen matos, mais el Principín ameceu:

– Daquela, comen tamén os baobabes, non si?

Fíxenlle comprender que el baobab non é un mato, senón un arbore tan grande como uha igrexa e que, inda que levase toda uha manada de elefantes, non abondaría para que desen comido el baobab.


Esta idea dos elefantes fexo rir al Principín:

– Habería que poer os elefantes uns enriba doutros...

E lougo ameceu sabedoría:

– Antes de medraren, os baobabes sonche mui pequenos.

– É certo, mais, por que queres que os tous cordeiros coman baobabes?



Respondeu cuha exclamación, como querendo dar a entender que se trataba de algo evidente. Houben faer un esforzo para entender este problema.

Efectivamente, no planeta do Principín había, como en todos os planetas, herbas bôas e ruías e, por conseguinte, sementes duha clase e del outra. Mais as sementes son invisibles, dormen no segredo da terra ata que un bon día a alguha delas se lle ocorre despertar. Daquela, timidamente, estende uha ramía al sol. Se se tratar duha ramía de rávano ou de ro-

seira, pódese deixala medrar como queira, mais se se tratar dun herba ruía, é mester arrincala el antes posible. No planeta del Principín había herbas terribles... como a semente del baobab. El chao del planeta estaba chen delas. Se un baobab non se arrinca desque dea aparecido, despois non hai xeito de se desfaer del; cobre todo el planeta e afúralo cōas súas reices. E se el planeta é abondo pequeno e os baobabes demasiado grandes, faeno estoupar.

"Éche uha cuestión de disciplina, dicíame máis tarde el Principín. Cuando de mañá un xa se acuriosou, tamén hai que acuriosar el planeta. Hai que se dedicarregularmente a arrincar os baobabes desque un os distingue das roseiras, porque se lles asemellan a esgalla cuando son pequenos. É un labor fastidioso mais doado".

E aconselloume que me dedicase a faer un debuxo formoso, que axudase a entender aos nenos da mía terra estos conceptos: "Se algún día viaxan –dicíame–, esto poderá valirlles muito. Dacuando non hai inconveniente en deixar el traballo para despois, mais se tratando dos baobabes, a demora pode terminar en catástrofe. Eu coñecín el planeta habitado por un galbanoso que descuidou tres arbustos..."

Baixo as indicaciois del Principín, debuxei dito planeta. Innda que non me presta el papel de moralista, el perigo dos baobabes é tan pouco coñecido e os riscos que un pode correr se perder nun asteroide tan grande, que non dubidei en faer uha excepción e digo: "Nenos, atentos aos baobabes". E cōa fin de avisar aos meus amigos destes perigos aos que se expoen desde hai tempo (e eu tamén, sen o saber) foi que fixen este debuxo. A lición que podía aprenderlles pagaba a pena. É mui posible que daquén me pergunte por que non hai neste libro outros debuxos tan grandiosos como el del baobab. A resposta é ben sinxela: eu tratei de os faer, mais non fun quen. Cuando

pintei os baobabes, atopábame chen dun sentimento de urxencia.

VI

Ah, meu Principín! Así fun comprendendo pouco a pouco el que era a túa vida señaardosa. Durante muito tempo non tiveras outra distracción que as postas de sol. Al cuarto día enteiraime dun novo detalle cuando me dixiche:

- Préstame as postas de sol; ven, imos ver uha.
- Hai que esperar...
- Esperar el que?
- Que el sol se poña.

Al empezo sorprendeuse e lougo riuse de si mesmo mentres dicía:

- Sempre creo estar na mía terra.

En efecto, como toda a xente sabe, cuando é mediodía nos Estados Unidos, en Francia está a se deitar el sol. Abondaría con poderse deslocar ata Francia nun minuto para presenciar a posta del sol, mais desafortunadamente Francia está mui lonxe. En troque, sobre el sou pequeno planeta, al Principín abondáballe con empuxar a cadeira uns metros para presenciar el ocaso cada volta que quería.


- Uha vez vin uha posta de sol corenta e tres veces!

Lougo amecía:

– Non sabes? Cuando un está triste, préstalle ver as postas de sol.

– El día que viche a posta corenta e tres veces, estabas mui triste, non é?

Mais el Principín non respondeu.



VII

Al quinto día, mercé al cordeiro, foime desvelado outro segredo da vida del Principín. Perguntoume bruscamente, e sen ningún preámbulo, como consecuencia dun problema meditado durante muito tempo:

- Se un cordeiro come nos matos, comerá tamén nas flores, non?
- Un cordeiro cómeche todo el que encontra.
- E tamén as flores que tein espías?

– Tamén as flores que tein espías.

– Daquela, para que serven as espías?

Non o sabía. Estaba mui ocupado tratando de afrouxar un perno abondo apertado del motor. A avaría parecíame que era grave e el agua estaba a pique de se acabar, polo que temía el peor.

– Para que serven as espías?

El Principín no me deixaba que deixase sen responder alguha pregunta formulada por el. Irritado pola resistencia que me opoía el perno, contesteille el primeiro que me veu á mente:

– As espías non serven para nada: as flores teinnas por ruindade.

– Ouh!

Despois dun intre de silencio, díxome cuha especie de rancor:

– Non cho creo! As flores son febles e inocentes e deféndense como poden. Crense terribles côas súas espinías...

Non lle retruquei. Naquel instante estaba a me dicir: "se este perno se resiste, fareino saltar dun martelazo". El Principín distróuxome de novo côas súas reflexiois:

– Tu cres que as flores...?



– Non, non creo nada – respondín cualquera cousa–, posto que hei de me ocupar de cousas máis importantes.

Miroume sen dar creto.

– De cousas serias!?

Mirábame coel martelo na mao, os didos chêos de graxa e abaixado sobre un obxecto que lle parecía mui feo.

– Falas como as persôas maiores!

Sentín uha grande vergonza, mais implacablemente inda ameceu:

– Confúndeslo todo... Mestúraslo todo...

Estaba verdadeiramente alporizado; esbuligaba a cabeza mentres el vento axitaba os sous dourados cabelos.

– Coñezo un planeta onde vive un paisano de color vermella, que xamais arrecendeu uha flor nin viu uha estrela e nunca quixo a ninguén. En toda a súa vida non fexo máis que sumas. E pasábase todo el tempo a repetir como tu: "eu son un home serio, eu son un home serio..."; parece ser que eso lle enchía de satisfacción. Mais eso non é un home, é un cogorzo.

– Un que?

– Un cogorzo.

El Principín estaba pálido de ira.

– Hai millois de anos que as flores tein espías e hai tamén millois de anos que os cordeiros comen nas flores, pese ás súas espías. Seique non é cousa seria averiguar por que as flores perden el tempo a fabricar uhas espías que non lles valirán para nada? El é que non é importante a guerra entre os cordeiros e as flores? Non é eso máis serio e importante que as sumas del señor gordo e vermello? E se eu sei duha flor única no mundo e que non existe en ningures máis que no meu planeta? E se sei que un cordeiro pode esnaquizala sen se dar cata deso? Seique non é importante?

El Principín enrubieceu e despois seguiu:

– Se daquén ama uha flor da que namais existe un exemplar entre millois e millois de estrelas, abasta con que a mire para


se sentir ditoso. Poderá daquela dicir satisfeito: "a mía flor está aí, nallures...", mais se el cordeiro come nela, para ese da-
quén é como se as estrelas se apagasen. El non é importante?

Xa non o aturou máis e rompeu a chorar. A noite xa caera. Eu soltei as ferramentas e maldixen el martelo, el perno, a sede e a morte. Había nuha estrela, nun planeta, el meu, a Terra, un Principín a quen consolar. Collinno nos brazos e púxenme a mexelo en dicíndolle: "A túa flor noncorre perigo ningún... Heiche debuxar un bozal para el tou cordeirín e uha armadura para a flor..." Non sabía el que lle dicir, como el consolar e fer que tivese fiúza novamente en min. Évos tan misterioso el país das lágrimas!

VIII

Apredín muito cedo a coñecer mellor esta flor. Sempre houbera, no planeta del Principín, flores mui simples adornadas cuha sola ringleira de pétalos que a penas ocupaban sito e non molestaban a ninguén. De mañá aparecían entre el herba e de noite desaparecían. Mais un día uha delas xermolara duha semente que chegara de sabe Deus onde; el principín vixilou nela cuidadosamente desde el primeiro momento, atendendo para aquela xota tan distinta das que el coñecía. Podía ser uha especie nova de baobab, mais el mato parou de medrar axina e comezou a botar uha flor. El principín observou el crecemento: uha envoltura enorme da que estaba seguro que saliría un milagre. Mais a flor non daba preparado a súa beleza al abeiro da envoltura verde. Escollía con cuidado as súas cores, acuriosábase de vagarín e axustaba os pétalos un a un. Non quería salir fráxil como as papoulas, quería aparecer con todo el es-

plendor da súa beleza. Ah! Era ben coqueta aquela flor. A súa misteriosa preparación duraba días e días, ata que uha mañá, precisamente da que salía el sol, apareceu espléndida



A flor, que traballara con tanta precisión, dixo abrindo na boca:

– Ah, descúlgame... Veño de acordar... Estou tan pouco curiosa...

El Principín non foi quen de conter a súa admiración:

– Que formosa es!

– De verdade? –respondeu docemente a flor–. Nacín al mesmo tempo que el sol.

El Principín pensou que non era, precisamente, ben modesta, mais si que resultaba abondo conmovedora.

– Cuido que xa é el hora de tomar a parva –dixo a flor–: se tiveses a bondade de pensar en min.

E el principín marchou confuso buscar uha regadeira, mollando na flor con abundante agua fresca.

Axina el principín se sentiu azougado pola sospeitosa vaidade da flor. Por exemplo, un día díxolle ela falándolle das súas catro espías:

– Xa poden vir os tigres cōas súas poutas!

– Non che hai tigres no meu planeta –observou el principín–. E, amais, os tigres non comen nel herba.

– Eu non son un herba! –retrucou docemente a flor.

– Perdóame...

– Non temo os tigres, mais teño medo das correntes de aire. Non terás un biombo?

"Medo ás correntes de aire... Non é mui típico duha planta", pensou el principín. "Esta flor é ben complicada..."

– Pola noite, has abeirarme, pois vai muito frío na túa terra. Alí, de onde eu veño, estase ben a gusto...

De sotaque calou a flor; chegara alí en forma de semente e non era posible que coñecese outros mundos. Humildada por se deixar sorprenden contando uha mentira tan inocente, tusiú dúas ou tres veces para se atrer a simpatía del principín.

– E el biombo?

– Xa ía buscarcho, mais como non paras de falar...

Ela insuistiú na súa tose para, al menos, despertar remoramentos no principín.

Deste xeito, el principín, a pesar da bôa vontade del sou amor, estaba a dubidar e a tomar en serio palabras sen importancia; sentiuse desgraciado.

– Non debín ferlle caso –confesoume el principín un día–; nunca hai que fer caso das flores, abasta con mirar para elas e arrecendelas; a mía flor embalsamaba el planeta, mais eu non me sentía daquela satisfeito... aquela historia de poutas e tigres que tanto me desacougou, debera entenrecerme.

E arreo a súa confesión:

"Daquela non souben entender nada. Debinna xulgar polos sous actos e non polas súas palabras. A flor arrecendía e alumaba a mía vida e xamais debín fuxir dela. Non adiviei a tenrura que ocultaban as súas artimañas. Son tan contraditorias as flores! Mais eu era demasiado novo para sabela amar!"

IX

Creo que el principín aproveitou a emigración duha bandada de páxaros selvaxes para a súa saída. Aquela mañá, antes de marchar, acuriosou el planeta. Torgou cuidadosamente os volcaís en actividade, que eran dous e lle resultaban ben ben útiles para calecer a parva todas as mañás. Tía, amais, un volcán extinguido; torgoulo tamén, pois, como el dicía, non se sabe el que pode acontecer. Se os volcaís están ben torgados, aburan sen interrupción, lenta e regularmente. As erupcións volcánicas son como as nosas chemineas. É evidente que na Terra non temos posibilidade de torgar os volcaís, xa que os homes somos demasiado pequenos para elo, e tal cousa cáusanos uha chêa de desgustos.

El principín arrincara algo seño os últimos ramallos del baobab. Estaba certo de que non había volver, mais aquela mañá todos os labores lle pareceron mui doados. E cuando pola derradeira vez regou a flor e dispoíase a abeirigala, sentiu setas de chorar:

– Abur –díxolle á flor.

Ela non gurgutou.

– Abur – repetiu el principín.

A flor tuiu, mais non o fexo corque estivese amormada.

– Fun uha fata –díxolle al cabo a flor–. Perdóame, que señas ditoso.

Sorprendeuse pola falta de reproches e quedou desconcertada, sen sen ser a entender aquela tranquila dozura.

– Si, eu quérote –díxolle a flor–, foi mía culpa que tu non o soubeses, mais eso non ten agora importancia. Tu fuche tan fato como eu. Que señas feliz. E deixa xa ese biombo que non o quero.

– Mais el vento...

– Non teño tanta mormeira... Amais, convenme alentar no aire da noite, posto que son uha flor.

– E as bestas...?

– Será preciso que aguante dúas ou tres ourugas se quero chegar a coñecer as avelías. Creo que son ben guapas. Outramente, quen ía vir visitarme? Tu estarás muito lonxe de aquí. Al respecto das feras, non as temo, teño as mías poutas.

E amostráballe inocente as súas catro espías. Lougo ameceu:

– Non alongues máis a túa despedida. Se has marchar, marchar xa.

A flor non quería que a vise chorar; era tan orgullosa...

X

Atopábase na rexión dos asteroides 325, 326, 327, 328, 329 e mais 330, polo que decidiu visitar nelos e ocuparse en se instruír nalgũa cousa.

El primeiro habitábalo un rei. Este vestía de púrpura e armiño, e estaba sentado sobre un trono mui sinxelo, aínda que maxestoso.

– Ah, velaquí un súbdito –exclamou el rei en divisando el principín.

El principín perguntouse:

– Como é posible que me recoñeza se nunca non me viu?

Ignoraba que para os reis el mundo está mui simplificado. Todos os homes son súbditos.

– Achégate que te vexa mellor –díxolle el rei, que estaba orgulloso de ter un súbdito.

El principín buscou onde sentar, mais non pudo porque el planeta estaba todo ocupado polo magnífico manto de armiño. Quedou, xa que lougo, de pé, mais como estaba canso, bocexou.

– A etiqueta non permite bocexar diante del rei –díxolle el monarca–. Eu prohíbocho.

– Non podo evitalo –respondeu el principín mui confuso–, fixen uha viaxe mui longa e a penas durmín...

– Daquela –díxolle el rei–, mándoche que abras a boca. Hai anos que non vexo a ninguén bocexar, por eso é algo ben curioso para min. Imos, failo outra volta, mándocho.

– Síntolo, xa non teño setas –dixo el principín.

– Hum, hum –respondeu el rei–. Daquela mándoche abrires a boca e parares de abrilas...

Tatexaba un pouco e semellaba estar molesto, pois el rei parecía dar muita importancia a que respectasen a súa autoridade. Non toleraba que el desobedecesen. Era un monarca absoluto, mais como era muito bon, daba sempre ordes razoables.

"Se eu ordease –dicía adoito– a un xeneral que se transformase en ave mariña e este non me obedecese, a culpa non sería de sou, sería de meu".

– Podo sentar? –perguntou timidamente el principín.

– Ordénoche sentares –respondeu el rei recollendo no faldón del manto de arimiño.

El principín estaba pasmado. Aquel planeta era tan pequeno que non se podía explicar sobre quen reinaba aquel rei.

– Señor –díxolle–, perdóame se ouso preguntarche...

– Mándoche preguntares –dixo de présa el rei.

– Señor, sobre quen exerces el tou poder?

– Sobre todo –respondeu el rei con grande inxenuidade.

– Sobre todo?

El rei, con xesto sinxelo, acenou para el sou planeta, para os outros planetas e para as estrelas.

– Sobre todo eso? –volveu perguntar el principín.

– Sobre todo eso –respondeu el rei.

Non era solo monarca absoluto, senón universal.

– E as estrelas el obedecen?

– Naturalmente! –dixo el rei– E obedecen de seguida, porque non tolero a indisciplina.

Tal poder marabillou al principín. Se el desfrutase dun poder de tal natureza, podería asistir, no mesmo día, non a corenta e catro, senón a setenta e dúas, cen ou inda duascenas postas de sol sen ter que se mover da súa cadeira. Mais como se sentía algo señoardoso en se acordando del sou planeta abandonado, ousou pedir al rei uha gracia:

– Prestaríame ver uha posta de sol... Dêame ese pracer. Mándelle que se esconda.

– Se eu dese a un xeneral el orde de enhalar de flor en flor como uha avelía, ou de escribir uha traxedia, ou de se tornar en ave mariña e se el xeneral non executase el orde recibida, de quen sería a culpa: del ou mía?

– Sería de vosté –díxolle el principín con firmeza.

– Exactamente, namais se pode pedir a un el que pode dar –continuou el rei–. A autoridade reside principalmente na razón. Se ordenas al tou pobo que se tire al mar, el pobo hase rebelar. Eu teño dereito a esixir obediencia, porque as mías ordes son razoables.

– Daquela, a mía posta de sol? –recordou el principín que xamais esqueicía uha pregunta despois de a formular.



– Terás a túa posta de sol. Hei esixila, mais segundo dicta a mía consciencia de gobernante, esperarei que as condicións señan favorables.

– E cuando será eso?

– Ehem, ehem! –retrucou el rei, consultando previamente el enorme almanaque–. Ehem, ehem, será para el... el... será ás sete e corenta da tardiquía. Ben verás como me obedece.

El principín abriu a boca. Lamentábase de non ver a posta de sol e amais estaba algo esmurriado.

– Xa non teño nada que faer aquí –dixo al rei–. Marcho.

– Non marches –respondeulle el rei todo orgulloso de ter un súbdito–. Non marches e hei faerte ministro.

– Ministro, de que?

– De.. xusticia!

– Mais aquí non hai xente para xulgar.

– Eso non se sabe –dixo el rei–. Nunca percorrín todo el meu reino. Son vello para camiñar e non hai sito para uha carroza.

– Mais eu si vin –dixo el principín que se inclinara para botar uha ollada del outra beira del planeta–. Alí embaixo non hai ninguén tampouco.

– Haste xulgar a ti mesmo –retrucoulle el rei–. É el máis difícil. É máis difícil xulgarse un mesmo que xulgar os outros. Se volas en te xulgar rectamente, é que es sabio de verdade.

– Eu podo xulgarme a min mesmo en calquera parte e non me fai falta estar aquí.

– Ehem, ehem! Cuido –dixo el rei– que nalgures deste planeta vive uha rata vella; escuítoa de noite. Poderías xulgala e condenala dacuando a morte. A súa vida dependería da túa xusticia e haberías perdoala sempre, para volver ter alguén a quen xulgar, posto que non hai máis que uha.

– Non me presta condenar a morte a ninguén –dixo el principín–. Penso que vou marchar.

– Non –dixo el rei.

Mais el principín, que xa rematara os sous preparativos e non quería desgustar al vello monarca, dixo:

– Se a súa maxestade desexase ser obedecido inmediatamente, podería dar un orde razoable. Por exemplo, podería mandarme marchar antes dun minuto. Paréceme que as condicións son favorables.

Como el rei non gurgutaba palabra, el principín, despois dun breve instante de dúbida, largou un suspiro e liscou.

– Heite nomar embaixador! –berrou a toda présa el rei–. Con grande autoridade!

"As persôas maiores son estrañas de máis", dicíase a si mesmo el principín durante a viaxe.

XI

El segundo planeta habitábalo un vaidoso:

– Ah! un admirador vén visitarme –berrou el vaidoso en vendo chegar el principín de lonxe.

Posto que para os vaidosos os demais homes son os seus admiradores.

– Bon día –dixo el principín–. Leva un sombreiro ben curioso.

– É para saudar os que me aclaman –respondeu el vaidoso–. Desgraciadamente, nunca ninguén pasa por aquí.

– Ah, si? –dixo sen comprender el principín.

– Bate nas túas maos el uha contra el outra –aconselloulle el vaidoso.

El principín aplaudiu e el vaidoso saudou modestamente, quitando el sombreiro.

– Esto parece máis prestoso que a visita al rei –díxose para os seus adentros el principín, que seguía a aplaudir mentres el vaidoso volvía saudalo quitando el sombreiro.

Aos cinco minutos, el principín cansara da monotonía daquel xogo.

– El que fai falta para que el sombreiro caia?

Mais el vaidoso non entendía aquela pregunta. Os vaidosos solo entenden el que lles dicen os adulois.

– Tu admírasme muito, non é? –preguntou el vaidoso al principín.

– Que quer dicir "admirar"?

– Admirar quer dicir que recoñeces que eu son el home máis rico e intelixente del planeta.

– Mais tu estás solo neste planeta!

– Fai el favor de me admirar pese a eso.

– Admírote –dixo el principín encollendo os ombreiros–. Mais, impórtache eso?

E el principín retirouse.

Certamente, as persôas maiores son ben estrañas.

XII

El seguinte planeta habitábalo un bébedo.

Foi uha visita mui curta, pois el principín sentiuse melancólico.

– Que faes aquí? –preguntáralle al bébedo que estaba sentado en silencio diante dun gran número de botellas baleiras e chêas.

– Bebo –respondeulle el bébedo nun ton lúgubre.

– Por que bebes, lougo? –volveulle preguntar el principín.

– Para esquecer.

– Para esqueceres que? –inquiriu el principín compadecido.

– Para esquecer que sinto vergonza –confesou el bébedo cabisbaixo.

– Vergonza de que? –quixo saber el principín con gracia de axudarlle.

– Vergonza de beber! –rematou el bebedor, que volveu choerse novamente no sou silencio.

E el principín marchou de alí todo perplexo.

"Non hai dúbida de que as persôas maiores son ben raras", seguiu a dicir para si el principín durante a viaxe.

XIII

El cuarto planeta estaba ocupado por un home de negocios. Aquel home estaba tan abstraído nas súas cousas que nin sequera ergueu a cabeza cuando chegou el principín.

– Bon día –díxolle al visitante–. El sou cigarro está apagado.

– Tres e dúas, cinco. Cinco e sete, doce. Doce e tres, quince. Bon día. Quince e sete, vintedúas. Vintedúas e seis, vinteoito. Non teño vagar de prender nel. Vinteoito e tres, trinta e un. Uf! Esto fai cincocentos un millois seiscentas vintedúas mil setecentos trinta e unha.

– Cincocentos millois de que?

– Eh? Inda estás aí? Cincocentos millois de... xa non sei... Traballei muito! Eu sonche un home serio e non me entrego a fatadas! Dúas e cinco, sete...

– Cincocentos millois de que? –volveu perguntar el principín, que enxamais deixaba uha pregunta sen resposta despois de formulala.

El home de negocios ergueu a cabeza.

– Hai cincuenta e catro anos que habito neste planeta e namais me incomodaron tres veces. A primeira foi hai vintedous anos, por mor dun abellón que caeu aquí e que vía de sabe Deus onde. Ruxía dun xeito insoportable e féxome cometer catro erros na suma. A segunda vez foi uha crise de reumatismo, hai once anos. Eu non fago exercicio nengún, pois non teño tempo de parar. Son un home serio. E a terceira vez... éche esta. Dicía, entón, cincocentos un millois...

– Millois de que?

El home de negocios comprendeu que non o deixarían en paz.

– Millois desas cousías que alguhas veces se ven no célo.

– Moscas?

– Non, esas cousías miúdas e douradas que faen soñar os febles. Eu sonche un home serio e non teño vagar de soñar.

– Ah! Estrelas!

– Eso é, estrelas.

– E tu que faes con cincocentos millois de estrelas?

– Cincocentos un millois seiscentas vintedúas mil setecentas vinteunha. Eu son un home serio e exacto.

– E que faes con todas esas estrelas?

– Que el que fago con todas esas estrelas?

– Si.

– Nada. Posuías.

– Seique as estrelas son túas?

– Son.

– Eu vin un rei que...

– Os reis non posúen nada... A penas reinan sobre alguha cousa. Eso é diferente.

– E para que serven as estrelas?

– Sérvenme para mercar en máis estrelas se alguén as descobre.

"Este –díxose el principín–, razôa máis ou menos como el bébedo".

Nembargante, seguiulle a perguntar:

– E como é posible posuír estrelas?

– De quen son as estrelas? –perguntoulle de mal humor el home de negocios.

– Non sei, de ninguén.

– Daquela son mías, posto que fun el primeiro que teve esa idea.

– E eso abonda?

– Claro. Se achas un diamante que ninguén reclama, é tou. Se achas un illa que non pertence a ninguén, é túa. Se es el primeiro en teres un idea, é túa, e a patente non a pode usar ninguén. As estrelas son mías posto que enantes ninguén pensou en posuír nelas.

– Eso é verdade –dixo el principín–. E que faes con elas?

– Adminístroas. Cóntoas e recóntoas –contestou el home de negocios. Éche algo difícil, mais eu son un home serio.

El non quedou satisfeito de todo.

– Se eu teño un panolín de seda, podo poelo no pescozo e lavallo. Se eu son el amo duha flor, podo cortar nela e levala tamén, mais tu non podes levar as estrelas!

– Mais podo colocalas nun banco.

– Eso que quer dicir?

– Quer dicir que escribo nun papel el número de estrelas que teño e guárdolo baixo chave nun caixón.

– E eso é todo?

– É suficiente!

"É divertido –pensou el principín–, e tamén abondo poético. Mais non é serio".

El principín tía, sobre as cousas serias, diferentes ideas das que adoitan ter as persôas maiores.

– E –dixo–, inda teño uha flor na que rego todos os días. Posúo tres volcais que torgo todas as semanas, porque tamén me ocupo del que está apagado. Nunca non se sabe el que pode ocorrer. É, daquela, proveitoso para os meus volcais e para a mía flor que eu os posúa. Mais tu, tu non es nada útil para as estrelas...

El home de negocios abriu a boca, mais non pudo gurgutar. El principín deixou aquel planeta.

Durante a viaxe volveuse repetir a si mesmo que as persôas maiores, certamente, son ben estrañas.

XIV

El quinto planeta era ben curioso. Era el máis pequeno de todos e case que non cabían máis que un farol da rúa e el faroleiro que el habitaba. El principín non podía explicarse para que servirían, así no célo, un planeta sen casas e sen habitantes, un farol e mais un faroleiro. Non obstante, díxose a si mesmo:

– Quizais este home seña absurdo, mais é, sen embargo, menos absurdo que el rei, el vaidoso, el home de negocios e el bébedo. Al menos, el sou traballo ten sentido. Cuando prende el sou farol, é como se fixese nacer uha estrela ou uha flor, e cuando o apaga, e como se a flor adormecese ou como se se apagase a estrela. É uha ocupación ben guapa e por ser guapa ben útil.

Cuando chegou al planeta, saudou con respecto al faroleiro.

– Bon día. Por que apagas el tou farol?

– É el orde –respondeu el faroleiro–. Bon día.

– E cual é el orde?

– Apagar el farol. Bôa noite.

E lougo prendeu el farol.

– E por que o prendes?
– E el orde.
– Non entendo –dixo el principín.
– Non hai nada que entender –dixo el faroleiro–. El orde é el orde. Bon día.

E apagou el farol.

Despois enxugou a testa cun panolín a cadros vermellos.

– El meu traballo é algo terrible. Enantes ida era razoable. Apagaba el farol de mañá e prendíalo de tarde. Podía descansar de día e durmir de noite...

– E louto cambiaron el orde?

– Eso é el grave –dixo el faroleiro–. El planeta vira máis de présa a cada ano e el orde segue a ser a mesma...

– E louto? –perguntou el principín.

– Como el planeta dá agora uha volta completa cada minuto, non teño un segundo de folganza. Uha vez por minuto hei prender e apagar el meu farol.

– É prestoso! Os días a penas duran un minuto na túa terra.

– Eso non che ten nada de prestoso –dixo el faroleiro–. Hai xa un mes que estamos a falar.

– Un mes?

– Si, trinta minutos, trinta días. Bôa noite.

E volveu prender no sou farol.

El principín mirou con cariño al faroleiro que tan fielmente cumpría cõa súa orde. Lembrouse das postas de sol que, noutra época, ía buscar arrastrando a súa cadeira e quixo axudarlle.

– Non sabes? Sei dun medio para que folgues cuando che pete...



– Eu sempre quero folgar –dixo el faroleiro.

– Pódese ser á vez fiel e galbanoso.

El principín proseguíu:

– El tou planeta é tan pequeno que podes darlle a volta en tres zancadas. Non teis máis que camiñar sempre a xeitín para quedares sempre fronte al sol. Cuando queiras folgar, camiñarás, e así el día ha durar todo el que tu desexes.

– Con eso non adianto gran cousa –dixo el faroleiro–. El que a min me presta é durmir.

– Non é uha sorte –contestou el faroleiro–. Bon día.

E apagou el sou farol.

Mentres el principín seguía a súa viaxe, dicíase a si mesmo: "este sería despreciado polos outros: polo rei, polo vaidoso, polo bébedo, polo home de negocios. E, sen embargo, é el único que non se me antolla ridículo, seique porque se ocupa doutra cousa e non de si mesmo". E, botando un suspiro que expresaba el sou sentimento, seguiu a dicir:

– É el único del que eu podría ter sido amigo. Mais el sou planeta é demasiado pequeno e non había sito para os dous.

El que el principín non ousaba confesar era que a causa pola que lamentaba non quedar naquel bendito planeta debíase ás mil catrocentas corenta postas del sol que podería desfrutar cada vinte catro horas.

XV

El sexto planeta era dez veces máis grande e estaba habitado por un vello que escribía en libros grandísimos.

– Ah, un explorador! –exclamou al ver el principín.

Este sentou sobre a mesa, demostrando a súa gran canseira. Viaxara tanto...

– De onde veis? –perguntoulle el vello.

– Que é ese libro tan grande? –perguntou á súa vez el principín–. Que fai vosté aquí?

– Son xeógrafo –respondeu el vello.

– E que é un xeógrafo?

– É un sabio que sabe onde están os mares, os ríos, as cidades, as montañas e os desertos.

– É mui interesante –dixo el principín–. E é un verdadeiro oficio.

Dirixiu uha ollada arredor do planeta do xeógrafo. Nunca vira un planeta tan maxestoso.

– É mui formoso el sou planeta. Hai oceanos aquí?

– Non podo sabelo –dixo el xeógrafo.

– Ah...! –el principín estaba decepcionado–. E montañas?

– Non podo sabelo –repetiu el xeógrafo.

– E vilas, ríos e desertos?

– Tampouco non podo sabelo –dixo el xeógrafo.

– Mais vosté é xeógrafo.

– Exactamente –dixo el xeógrafo–, mais non son explorador, nin teño exploradores que me informen. El xeógrafo non pode estar contando nas cidades, nos ríos, nas montañas, nos oceanos e nos desertos; é demasiado importante para se dedicar a eso. El queda no sou escritorio e aí recibe os exploradores. Interrógalos e toma nota del que dicen nos sous relatorios. Se lle parecen inrteresantes, manda faer uha pescuda sobre a moralidade del explorador.

– Para que?

– Un explorador que minte sería uha catástrofe para os libros de xeografía. E tamén el sería un explorador que bebese a esgalla.

– Por que?

– Porque os bébedos ven dobre e el xeógrafo poería dúas montañas onde namais hai uha.

– Coñezo alguén que sería mui mal explorador.

– É posible. Cuando se está convencido da bôa moralidade dun explorador, fáeselle uha encuesta sobre a súa descuberta.

– Vaise al sito?

– Non, eso sería mui complicado. Esíxese al explorador que forneza probas del que diz. Por exemplo, se se tratar da

descuberta duha gran montaña, pídeselle que apurra pedrôas grandes.

De súpeto el xeógrafo emocionouse:

– Mais... tu veis de lonxe! Tu es un explorador! Vasme describir el tou planeta.

El xeógrafo abriu el rexistro e sacou punta al lapis. Os relatos de exploradores escríbense primeiro a lapis e espérase despois que el explorador forneza as súas probas para os pasar a tinta.

– E lougo?

– Ouh! A mía terra –dixo el principín–, non é mui interesante, senón que é máis ben pequenalla. Teño tres volcais, dous en actividade e un extinguido, mais nunca se sabe el que pode pasar.

– Nunca se sabe el que pode pasar... –repetiu el xeógrafo.

– Tamén teño uha flor.

– Non tomamos nota das flores.

– E lougo? Se son ben guapas!

– Sonche efémeras.

– Que significa "efémero"?

– As xeografías –dixo el xeógrafo– son os libros máis apreciados e interesantes; nunca pasan de moda. É mui raro que uha montaña se mude de sito ou que un oceano quede sen auga. Os xeógrafos escribimos cousas eternas.

– Mais os volcais extinguidos poden acordar –interrompeu el principín–. Que significa efémero?

– Que os volcais esteñan ou non en actividade tanto ten para nós. El interesante é a montaña que nunca muda el sou sito.

– Mais, que significa efémero? –repetiu el principín que nunca deixaba que lle tivesen sen contestar a uha pregunta que fixera.

– Significa que está ameazado duha próxima desaparición.

– Que a mía flor está ameazada duha próxima desaparición?

– Sen dúbida.

– A mía flor é efémera –díxose el principín–, e non ten máis que catro espías para se defender del mundo. E eu deixei alí solía!

Pola primeira vez arrepentírase de deixar el sou planeta, mais axina recobrou el sou valor:

– Que planeta me aconsella visitar agora? –perguntou.

– A Terra –respondeulle el xeógrafo–. Ten muito bôa reputación.

E el principín marchou de alí mentres ía pensando na súa flor.

XVI

El sétimo planeta foi, por tanto, a Terra.


A Terra non é un planeta calquera! Existen nela onde reis (incluíndo, loxicamente, os reis pretos), sete mil xeógrafos, novecentos mil homes de negocios, sete millois e medio de bébedos, trescentos once millois de vaidosos, é dicir, arredor de dous mil millois de persôas maiores.

Para vos dar uha idea das dimensiois da Terra, heivos dicir que antes da invención da electricidade había que manter sobre el conxunto dos seis continentes un exército de catrocentos sesenta e dous mil cincocentos once faroleiros.

Visto de lonxe, el exército era espléndido. Os movementos deste exército estaban regulados como os del balet dun ópera. Primeiro vían os faroleiros de Nova Celandia e Australia. Alumaban os sous farois e ían durmir. Despois tocáballes el beile aos faroleiros de China e Siberia, que logo desaparecían. Despois seguían os faroleiros de Rusia e India, despois os de

África e Europa e, al cabo, os de América del Sul e América del Norte. Nunca erraban no sou único farol de entrada en escena.

Namais el faroleiro del Polo Norte, coel sou único farol e el sou colega del Polo Sul levaban uha vida de folganza e descanso. Non traballaban máis que dúas veces al ano.



XVII

Cuando se quer ser humorista, un está exposto a mentir un pouco. Non fun mui honesto en falando dos farois e arríscome a dar uha idea falsa del noso planeta aos que non o coñecen. Os homes ocupan mui ben pouco sito sobre a Terra. Se os dous mil millois de habitantes que a pobran, se puxesen de pé un xunta

el outro, como nun mitin, caberían nuha praza de vinte millas de longo por vinte de ancho. Poderíase amontoar a humanidade sobre el illó máis pequeno del Pacífico.

As persôas maiores non o crerían, pois eles cren que ocupan ben muito espacio. Creranse tan importantes como os baobabes. Han aconsellarvos que fagades el cálculo; eso prestaralles, posto que adoran os números. Mais non fai falta que perdades el tempo inutilmente, xa que eles tein fiúza en min.

El principín, desque chegou á Terra, sorprendeuse de non ver ninguén. Tía medo de terse equivocado de planeta, cuando un aro de color de lúa se moveu na arêa.

– Bon día –dixo el principín.

– Bon día –dixo a serpente.

– Sobre que planeta caín? –preguntou el principín.

– Sobre a Terra, en África –respondeu a serpente.

– Ah! E non hai ninguén sobre a Terra?

– Esto é el dermo e aquí non hai ninguén. A Terra é mui grande. –dixo a serpente.

El principín sentou nuha pedra elevando os ollos al célo.

– Eu pergúntome –dixo el principín– se as estrelas están acesas para que cadaquén poda atopar a súa. Mira para el meu planeta, está xustamente por riba de nós... Que lonxe está!

– É mui curiosín –dixo a serpente–. E que veis tu faer aquí?

– Teño problemas cuha flor.

– Ah!

E calaron entrambos.

– Onde están os homes? –preguntou á fin el principín–. Estáse ben solo no deserto.

– Tamén se está entre os homes –afirmou a serpente.

El principín miroula un cacho longo e díxolle:

– Es un bicho raro, xiproso como un dido.

– Mais sonche máis poderosa que el dido dun rei –
interrompeulo a serpente.

El principín sorriu.

– Non me pareceas mui poderosa... nin sequera teas patas e
non creo que podas camiñar.

– Podo levarte máis lonxe que un barco.

Enroscouse arredor da perna del principín como un brazaletes
de ouro.

– Al que eu toque, fágolo volver á terra de onde salira, mais
tu es puro e veas duha estrela.

El principín non respondeu.

– Dásme pena, tan enxuto sobre esta terra de granito. Se
algún día teas señardade do tou planeta, eu podo axudarche.
Podo...

– Ouh! –dixo el principín–. Comprendinte, mais, por que
falas sempre con enigmas?

– Eu resólvolos todos –dixo a serpente.

E calaron.



XVIII

El principín atravesou el dermo, no que namais achou uha flor. Era uha flor de tres pétalos, sen importancia alguha...

– Bon día –dixo el principín.

– Bon día –dixo a flor.

– Onde están os homes? –perguntou cortesmente.

Un día a flor vira pasar uha caravana.

– Os homes? Non son máis que cinco ou seis, penso. Vinnos hai anos e nunca se sabe onde os atopar. Como non tein reices, el vento leva nelos; debe ser mui molesto...

– Abur –dixo el principín.

– Abur –dixo a flor.

XIX

El principín subiu al cume duha montaña ben alta. As últimas montañas que el coñecera eran os tres volcais que chegaban al xeollo. El volcán extinguido usábalo como tallolo. Díxose a si mesmo: desde esta montaña tan alta poderei ver todo el planeta e todos os homes... mais non pudo ver máis que as punteiras agudas dos penedos.

– Bon día! –berrou el principín al rubién.

– Bon día... bon día... bon día... –repetiu el eco.


– Quen es tu?

– Quen es tu... quen es tu... quen es tu...? –contestou el eco.

– Señan meus amigos, estou solo –dixo el principín.

– Estou solo... estou solo... estou solo... –repetiu el eco.

"Que planeta tan raro! –pensou el principín–. Está todo seco, puntiagudo e salgado. E os homes carecen de imaxinación, non faen nada máis que repetir el que se lles diz... Na mía terra tía uha flor que era a primeira en falar..."



XX

Mais aconteceu que el principín, despois de camiñar pola arêa, as rochas e a neve deu descuberto un camín. E os camíos levan sempre aos sitios onde moran os homes.

– Bon día –dixo.

Era un horto de rosas.

El principín miroulas, pois se asemellaban muito á súa flor.

– Quen sodes vós? –perguntoulles abraiado.

– Somos rosas –contestáronlle.

– Ah...! –exclamou el principín.

E sentiuse mui desgraciado. A súa flor dixéralle que ela era el única flor da súa especie no universo todo. E agora tía máis de cinco mil diante dos sous ollos, todas parellas, nun solo horto!

"Se ela vise todo esto –dicíase el principín–, sentiríase humildada, tusiría muito e simularía evitar el ridículo. E eu

tería de finxir que cuidaba nela, porque sería quen de se deixar morrer de verdade para me humildar tamén a min".

E despois continuou a pensar para si mesmo: "críame rico pola posesión duha flor única e resulta que non teño máis que uha rosa ordinaria. Eso e os meus tres volcais que case que non me chegan al xeollo, dos cuais un esteña talvez extinguido para sempre, non faen de min en realidade un príncipe mui importante...". E deitándose sobre el herba, botouse a chorar.

XXI

Daquela fexo a súa aparición a raposa.

– Bon día –dixo ela.

– Bon día –respondeu cortesmente el principín que se volveu sen descubrir a ninguén.

– Estou aquí, baixo el maceiro –díxolle a voz.

– E tu quen es? –perguntoulle el principín–. Es ben guapía!

– Son uha raposa –respondeulle.

– Ven brincar comigo –propúxolle el principín.

– Non podo brincar contigo –díxolle a raposa–. Non estou domesticada.

– Ah, perdón! –dixo el principín.

Despois duha breve reflexión, ameceu:

– El que quer dicir "domesticar"?

– Tu non es de aquí –dixo a raposa–. El que buscas?

– Busco os homes –respondeulle el principín–. Que significa "domesticar"?

– Os homes –dixo a raposa– tein escopetas e cazan. Eso é mui molesto! Mais tamén crían pitas, el cual é ben interesante. Tu buscas pitas?

– Non, busco amigos. Que significa "domesticar"? –volveu perguntar el principín.

– É uha cousa xa esquecida –dixo a raposa–. Significa crear ligazois.

– Crear ligazois?

– Si, verás –explicou a raposa–. Tu non es para min máis que un rapacín igual que outros cen mil rapacíos asemellados e non te preciso para nada. Tampoco tu me precisas para nada e eu non son para ti máis que uha raposa entre outras cen mil asemelladas. Mais se tu me domesticas, daquela teremos necesidade el un del outro. Tu serás para min único no mundo, como eu hei selo para ti...

– Principio a entendela –dixo el principín–. Hai uha flor... Cuido que ela me domesticou.

– É posible –dixo a raposa–. Na Terra vense tantas cousas...

– Oh, mais non foi na Terra –exclamou el principín.

A raposa ficou intrigada.

– Noutro planeta?

– Si.

– Haiche cazadores nesoutro planeta?

– Non.

– Que interesante! E galías?

– Non.

– Nada non é perfecto.

E volvendo á súa idea:

– A mía vida é ben monótona. Cazo galías e os homes me cazan. Todas as galías son iguais e por esa razón aborrezo. Se tu me domesticas, a mía vida estará chêa de sol e coñecerei el rumor duns pasos diferentes dos demais. Os outros pasos han faerme esconder baixo el terrén, mais os tous me faerán salir del cubil como se sentise uha música. E, amais, ves alí embaixo aqueles campos de trigo? Eu non como no pan e, polo tanto, el

trigo é para min inútil. Os campos de trigo non me recordan nada e por eso me poen triste. Mais tu teis os cabelos dourados e será algo marabilloso cuando me domestiques! El trigo, que tamén é dourado, faerame recordarte. Prestaríame muito escuitar el rumor del vento entre as espigas del trigo.

A raposa calou e detévo-se a contemplar el principín.

– Por favor, domésticame... –pediulle.

– Xa queredría –respondeulle el principín–. Mais non teño muito tempo. Hei buscar amigos e coñecer muitas cousas.

– Namais se coñecen as cousas se se domestican –dixo a raposa–. Mércase todo feito nas tendas e, como non hai tendas onde vendan amigos, os homes xa non tein amigos. Se queres un amigo, domésticame.

– Que hei faer? –perguntou el principín.

– Debes ter muita paciencia –respondeu a raposa–. Has sentar al primeiro un pouco lonxe de min, no chao. Eu hei mirarte de reollo e tu non me dirás nada. A linguaxe é fonte de entendementos ruíos. Mais cada día poderás sentar un pouco máis cerca.

El principín volveu al outro día.

– Sería mellor volveres á mesma hora. Por exemplo, se veis ás catro da tarde, desde as tres empezaría a estar gaioleiro. A medida que se fose achegando el hora, sentiríame desacougado, descubriendo así el que custa a felicidade. Mais se veis a calquera hora, nunca non saberei cuando hei preparar el meu corazón. Os ritos son mui necesarios.

– E que é un "rito"? –perguntou el principín.

– Tamén che é algo que a xente está a esquecer –explicou a raposa–. É el que fai que un día non se pareza al outro e que un hora seña distinta del outra. Por exemplo, entre os cazadores hai un rito. Os novos acostuman ir beilar cōas rapazas del lugar. Daquela, el xoves é el día máis marabilloso no que podu ir

pasear deiquia a viña. Se os cazadores fosen beilar cuando tivesen setas, todos os días serían igual e eu non tería vacaciois.

Deste xeito, el principín foi domesticando a raposa. Cuando se achegaba el día de marchar, a raposa dixo:

– Non sabes como vou chorar!

– É túa culpa –díxolle el principín–. Eu non te quería mancar, mais tu quixiche que te domesticase...



– É certo.

– Entón vas chorar?

– Vou.

– Non gañache muito!

– Si gañei –dixo a raposa–. Gañei por mor da color del trigo.

E lough ameceu:

– Vei ver as rosas; comprenderás que a túa é única no mundo. Volverás para te despedir e eu heiche regalar un segredo.

El principín foi ver as rosas e díxolles:

– Non sodes nada, nin vos pareceades á mía rosa. Ninguén vos domesticou nin vós domesticastes a ninguén. Sodes como a raposa enantes, que non se diferenciaba doutras cen mil raposas, mais eu fíxenna mía amiga e agora é única no mundo.

As rosas desasosegaban en escuitando el principín, quen seguiu a dicir:

– Sodes mui guapas, mais estades baleiras e ninguén daría a vida por vós. Calquera que vexa a mía rosa poderá pensar que é igual que vós. Mais ela sábese máis importante porque eu reguei nela, porque a abeirei cōa campá de vidro, porque lle matei os cocos (agá dous ou tres para que salian avelías), e é ela a que eu ouvín queixarse, adular e ás veces mesmo calar porque, en fin, é a mía rosa.

E volveu xunta a raposa.

– Abur –díxolle.

– Abur –dixo a raposa–. Velaquí el meu segredo que é mui sinxelo: el esencial é invisible para os ollos.

– El esencial é invisible para os ollos –repetiu el principín para poder recordalo despois.

– El que fai máis importante a túa rosa é el tempo que tu lle dedicache.

– É el tempo que lle dediquei –repetiu el principín para se recordar.

– Os homes han esquecer esto –dixo a raposa–, mais tu non debes esqueicelo. Cadaquén é responsable para sempre del que domesticou. Tu es, xa que lougo, responsable da túa rosa...

– Eu son responsable da mía rosa... –repetiu el principín cōa fin de non esquecer.

XXII

– Bon día –dixo el principín.

– Bon día –contestoulle el gardagullas.

– Que faes aquí? –perguntou el principín.

– Fago paquetes de mil cos pasaxeiros e despacho os comboios que os levan, xa seña á dereita ou á esquerda.

E un tren rápido iluminado, a ruxir como un trono, fexo tremer a caseta del garda–agullas.

Un segundo tren rápido iluminado ruxiu en dirección oposta.

– Xa volve? –perguntou el principín.

– Non son os mesmos –respondeu el gardagullas–. É un cambio.

– Non se sentían contentos onde estaban?

– Nunca se sinte un contento onde está –contestou el gardagullas.

E ruxiu el trono dun terceiro rápido iluminado.

–Andan a perseguir os primeiros viaxeiros? –perguntou el principín.

– Non andan a perseguir a ninguén. Dormen ou abren a boca aí dentro. Namais os nenos esmagan os narices contra os vidros.

– Namais os nenos saben el que procuran –dixo el principín–. Perden el tempo cuha moneca de trapo, que é el máis importante para eles; e se llela quitan, choran.

– Que sorte tein –dixo el gardagullas.

XXIII

– Bon día –dixo el principín.

– Bon día –dixo el comerciante.

Era un comerciante de píldoras perfeccionadas para quitar a sede. Tómase uha por semana e xa non se sinte gana de beber.

– Por que vendes eso?

– Porque con esto se aforra tempo. Segundo el cálculo realizado polos expertos, afórranse cincuenta e tres minutos cada semana.

– E que se fae con esos cincuenta e tres minutos?

– El que cada un quer...

– Se eu dispuxese de cincuenta e tres minutos –pensou el principín– iría á fonte con toda a calma...

XXIV

Era el oitavo día da mía avaría no deserto e escuitara a historia del comerciante da que bebía a derradeira pinga da mía provisión de augua.

– Ah! –dixen al principín–, sonche muito bos os tous recordos, mais eu inda non reparei el meu avión, non teño gota de augua e sería mui feliz se podese ir buscar uha fonte.

– Meu amigo a raposa...

– Home, non se trata dela agora...

– E lougo?

– Imos morrer de sede...

El non era a entender el meu razoamento e respondeu:

– Mesmo se un vai morrer é bon ter tido uha amiga raposa.

"É incapaz de medir el perigo –díxenme–; nunca ten nin fame nin sede, cun migallín de sol lle abonda".

El principín olloume e retrucou al meu pensamento:

– Eu tamén teño sede. Imos buscar un pozo.

Fixen un xesto de canseira, xa que me parecía absurdo buscar al chou na inmensidade del dermo. Non obstante, puxémos nos en marcha.

Despois de dúas horas de camiñarmos en silencio, a noite empezou a caer e as estrelas brillaron no célo. Eu víalas como

un soño, pois, por mor da sede, eu tía un pouco de calentura. As palabras del principín beilaban na mía mente:

– Tamén tu teís sede? –pergunteille.

Mais non respondeu á mía pregunta e limitouse a dicir:

– Tamén el augua pode ser bôa para el corazón...

Non comprendín as súas palabras, mais calei. Sabía perfectamente que non había que lle perguntar.

El principín ía canso e sentou. Eu sentei á súa beira e, despois dun pedazo en silencio, díxome:

– As estrelas son formosas por uha flor que non se ve...

– Sen dúbida alguha –respondín e ollei para as enrugadas que a arêa formaba embaixo da lúa.

– El dermo é bonito –agregou el principín.

Era verdade; sempre me prestou el deserto. Sentado nuha duna de area, nada se ve, nada se oí, e, sen embargo, hai algo que cintilea no silencio...

– El que máis embelece el deserto –dixo el principín– é que esconde un pozo nallures.

Quedei sorprendido en comprendendo de súpeto ese misterioso resplandor da arêa. Cuando eu era cativo, vivía nuha casa vella, na cual, segundo a lenda, había un tesouro escondido. El certo é que ninguén non o descubriu enxamais e ata é mui posible que ninguén o buscase, mais a casa parecía toda encantada por ese tesouro. A mía casa ocultaba un tesouro no fondo del sou corazón.

– Si –díxenlle al principín–, trátase da casa, das estrelas ou del deserto, elo é el que fai que todo seña verdadeiramente guapo e invisible.


– préstame –dixo el principín– que esteñas de acordo cōa mía amiga a raposa.

Como el principín tía sono, collinno nos meus brazos e púxenme novamente en camín. Sentíame emocionado, levando

aquel fráxil tesouro, porque me parecía que non había nada máis fráxil sobre a terra. Miraba baixo a luz da lúa para aquela testa branquía, aqueles ollos cerrados, os cabelos esbuligados polo vento e dicíame: "El que vexo non é que el envoltorio; el máis importante é invisible..."

Al ver os sous beizos entreabertos nos que se debuxaba un sorriso, díxenme: "el que máis me conmove deste principín durmido é a súa fidelidade por uha flor, e a imaxe da rosa que resplandece nel, como a lapa duha lámpada, mesmo cuando dorme...", e supoéndolo máis fraxil inda, pensaba que as lámpadas hai que as protexer, posto que uha corrente de aire pode apagar nelas.

Seguín a camiñar e pola alborada descubrín el pozo.



XXV

– Os homes –dixo el principín– soben aos treis, mais non saben a onde van nin el que queren...

E ameceu:

– Non paga a pena!

Os pozos que atopáramos non se parecían remotamente aos del Sáhara, que son simples furados que se abren na terra. El que estaba diante nosa semellaba aos que hai nas vilas, mais aí non había vila ninguha e eu cría estar a soñar.

– É estraño –díxenlle al principín–. Todo está en orde: el guindaste, el caldeiro, a corda...

Riu e colleu a corda, faendo rular el guindaste que se queixou como uha vella veleta á cual el vento non obrigara a se mover durante muito tempo.

– Oes? –perguntou el principín–. Despertamos el pozo e canta.

Non quería que el principín fixese forza e díxenlle:

– Déixame a min, é demasiado pesado para ti.

Lentamente subín el caldeiro ata a boca del pozo, onde el asegurei. Escuitaba inda nos meus ouvidos el canto del guindaste e vía tremer el sol nel augua.

– Teño sede desta augua –dixo el principín–. Dáme de beber...

Daquela entendín el que el buscaba! Levei el caldeiro ata os beizos del principín e este bebeu cos ollos cerrados. Aquela augua era doce como uha festa, era algo máis que un alimento. Xurdira de camiñar baixo das estrelas, da cantiga del guindaste, del forcexeo dos meus brazos. Era como un agasallo para el corazón. Cuando eu era neno, as luces da nosa árbore de Nadal, a música da misa da medianoite, a dozura dos sorrisos, dábanlle el sou esplendor al meu agasallo de Nadal.

– Os homes da túa terra –dixo el principín– cultivan cinco mil rosas nun horto e non encontran el que buscan.

– Non o encontrarán nunca –respondín.

– E, sen embargo, el que buscan pódennos atopar nuha sola rosa ou nuha pouca de augua.

– Certamente...

El principín agregou:

– Mais os ollos son cegos e han buscar coel corazón.

Eu xa bebera e atopábame ben. A arêa del ameicer tía a color del mel desfrutaba dela ata fartar. Porque había sentir algún descougo?

– É preciso que cumpras a túa promesa –dixo docemnte el principín, que de novo sentara al cabo de min.

– Cual promesa?

– Xa sabes, el bozal para el meu cordeirín... Son el responsable duha flor.

Saquei da alxaba os esbozos del debuxo. El principín mirou para ellos e dixo rindo:

– Os tous baobabes semellan repolos...

– Aiou! E eu que estaba tan orgulloso dos meus baobabes!

– A túa raposa ten orellas que semellan cornos; son demasiado longas.

E volveu sorrir.

– Es inxusto, rapaz. Eu a penas sabía debuxar boas abertas e boas cerradas.

– Ouh! Todo hase amañar –dixo el principín–. Os nenos entenden.

Debuxei un bozal e dinllo coel corazón apreixado:

– Tu teis proxectos que eu ignoro...

Mais non me respondeu.

– Sabes? –díxome–. Mañá é el aniversario da mía caída na Terra...

E despois dun silencio ameceu:

– Caín mui preto de aquí...

El principín enrubeceu e, sen saber por que, experimentei un estraño sentimento.

– Daquela non te atopei por casualidade hai oito días, cuando paseabas por aquí, a mil millas de distancia del lugar habitado máis próximo. Volvías al punto da túa chegada?

E agreguei dubidoso:

– Seique polo aniversario?

El principín enrubeceu de novo. Inda que nunca respondía as mías preguntas, el sou rubor implicaba uha resposta afirmativa.

– Ah! –díxenlle–, teño medo

Mais el contestou:

– Has traballar agora; volve al carón da túa máquina. Eu espérote aquí. Regresa amañá de noite.

Mais eu non estaba tranquilo e lembraba a raposa. Se un se deixa domesticar, expónse a chorar un pouco.

XXVI

Al cabo del pozo había un vello muro de pedra en ruínas. Cuando regresei del meu traballo, al outro día de tarde, vin desde lonxe el principín sentado nel alto coas pernas a pendurar e sentinno dicir:

– Non te acordas? Foi xusto aquí...

Sen dúbida alguén lle contestou, porque el respondeu:

– Si, si, foi ese día, mais non era este el sito!

Proseguín a mía marcha cara el muro, mais non vin a ningún nin tampouco comprendín el que acontecera. E, sen embargo, el principín dixo de novo:

– Seguro! Xa verás onde empeza a mía pisada na terra. Non che faerá falta seguir esperando por min, porque aí estarei esta noite.

Xa estaba eu a uns vinte metros e inda seguía sen poder ver a ningún.

Despois dun bocado de silencio, el principín ameceu:

– Teis muito veneno? Estás certa de que non sufrirei muito?

Pareime coel corazón oprimido, pese a que inda non daba comprendido el que ocorría.

– Agora marcha –dixo el–, quero baixar.

Uha colobra desas marelas que matan uha persôa en menos de trinta segundos erguíase cara el principín. Apertei el paso, mentres sacaba da alxaba un revólver, mais coel ruído que fixen, a colobra deixouse caer na arêa como un surtidor que morre e, sen se apresurar demasiado, fuxiu entre as pernas cun lixeiro ruído metálico.

Cheguei al muro a tempo de recibir nos meus brazos al principín, que estaba tan branco como a neve.

– Mais, que pasa? De parola coas serpentes?

Quiteille a súa bufanda de ouro, molleille as vidallas e dinlle de beber, sen ousar facerlle ninguha pregunta. Miroume con gravidade, rodeándome el pescozo cos sous brazos. Sentir el sou corazón latir como el dun paxarín, vítima da espingarda dun cazador.

– Alégrome de que amañases el motor del avión –díxome–, porque así poderás volver á túa terra.

– Como el sabes? Xustamente vía comunicarche que, magar non o esperaba, volei en rematar el meu traballo.

Non respondeu a mía pregunta e ameceu:

– Tamén eu volvo para el meu planeta...

E terminou cuha expresión morriñosa:

– Fica muito máis lonxe... e é muito máis difícil chegar...!

Dábame cata que algo extraordinario estaba a pasarse naque- los momentos. Estreitei el principín entre os meus brazos como se fose un neno pequeno e, a pesar deso, semellábame que afundía nun abismo sen que eu podese faer nada para el reter.

A súa ollada seria estaba perdida al lonxe.

– Teño el tou cordeiro, e a caixa para el, e tamén teño el bozal.

Sorriu señaardosamente.

Agordei abondo tempo e cuando percibín que calecera un pouco, díxenlle:

– Tiveche medo, rapacín...

Tíalo, mais sorriu con dozura.

– Esta noite vou ter inda máis medo...

Quedei novamente frío por un sentimento de algo irreparable e comprendín que non podía soportar a idea de non escoitar outra vez aquel riso. Era para min como uha fonte no deserto.

– Rapacín, quero ouvir outra vez el tou riso.

Mais díxome:

– Esta noite faerá un ano da mía chegada e a mía estrela estará xustamente no mesmo sito onde caín daquela...

– Non é certo –interrompinlle–; toda esta historia de colobras, citas e estrelas é namais un pesadelo, non é?

Mais el principín non respondeu é a mía pregunta e dixo:

– El máis importante nunca non se ve...

– É verdade...

– É el mesmo que a flor. Se che presta uha flor que vive nuha estrela, é mui doce mirar para el célo de noite. Todas as estrelas florecerán...

– Pois si.

– Pola noites ollarás as estrelas; a mía é abondo pequena para que eu poda ensinarche onde está. É mellor así. A mía estrela será calquera delas. Entón prestarache ver todas as estrelas e elas serán amigas de tou. Amais, heiche facer un regalo...

E volveu rir.

– Ai, rapacín! Como me presta el tou riso!

– El meu regalo será precisamente ese, será como el augua...

– Que queres dicir?

– As estrelas non significan el mesmo para todos. Para os viaxantes, elas son os seus guieiros, para outras persoas namais pequenas lucecías. Para os sabios, as estrelas son problemas e para el meu home de negocios eran ouro. Mais as estrelas non dicen nada. Tu terás as estrelas como ninguén as tevo...

– Que queres dicir?

– Cuando de noite vexas el célo, al pensares que nuha daquelas estrelas estou eu a me rir, será para ti como se todas as estrelas estivesen a se rir. Namais tu posuirás estrelas que sabían rir!


E sorriu de novo.

– Cuando te deas consolado (porque a xente sempre se dá consolado), estarás contento de me ter coñecido. Serás el meu amigo e terás gracia de rir comigo. Ás veces abrirás na túa ventá namais por que por pracer, e os teus amigos abraiarán por te veren rir mirando para el célo. Tu explicaráslles: "Sempre me faen rir as estrelas". Elos pensarán que andas tolo mais será uha mía brincadeira...

E riu de novo.

– Será como se, no canto de estrelas, eu che dese un enxame de esquías que saben rir...

Uha vez máis sorriu e logo púxose serio.



– Non sabes? Éche mellor non vires esta noite.

– Non te deixarei.

– Parecerá que estou doente... como se fose morrer... será así.

Non paga a pena que veñas ver eso.

– Non te deixarei.

Mais estaba desacougado.

– Dígoche eso pola serpente, non quero que te morda. As serpentes son ruías e ás veces morden por gusto.

– Xa che dixen que non te deixarei.

Mais algo el calmou.

– Inda que tamén é verdade que non tein veneno para morde-
ren uha segunda vez...

Aquela noite liscou sen faer ruído e non o vin cuando se puxo en camín. Cuando el atopei, marchaba cun paso rápido e decidido e a penas me dixo:

– Ah, estás aí!

Colleume da mao e expresou a súa inquedaanza.

– Non debiche seguirme. Vas sufrir muito al crer que estou morto e non será verdade...

Quedei calado.

– Entendes? É abondo lonxe e non podo levar este corpo que pesa muito.

Seguín calado.

– Será como un envoltorio vello que se abandona. Non son nada tristes os envoltorios vellos...

Insistín coel meu silencio e el principín desanimouse un pouco. Mais al cabo fexo un esforzo e dixo:

– Será agradable, non sabes? Eu mirarei tamén para as estrelas que serán pozos con guindastes chêos de ferruxe. Todas as estrelas me darán de beber.

Continuei en silencio.

– Será tan prestoso! Tu terás cincocentos millois de esquías e eu cincocentos millois de fontes.

El principín tamén calou. Estaba chorando.

– É aí. Déixame ir solo.

Sentou porque tía medo.

– Non sabes? –díxome–. Son responsable da mía flor e ela é tan feble e inocente... Namais tan catro espías para se defender de todo el mundo.

Sentei porque xa non podía seguir de pé.

– Aí está... eso é todo...

Despois dun momento de dúbida, ergueuse e deu un paso. Eu non fun quen de me mover.

Un alostro marelo chiscou no sou nocelo. Quedou un instante inmóbil, sen berrar, e logo caeu de vagar, como cae un árbore sobre a arêa, sen facer el menor ruído.

XXVII

Agora xa hai seis anos desta historia. Non contei todo esto aos meus compañeiros, que, cuando me volven ver, se alegran de saber que sigo vivo, magar se decatan da mía tristeza: dígolles que é a canseira...

Coel paso del tempo consoleime un pouco, mais non de todo. Sei que volveu al sou planeta, pois al outro día xa non atopei el sou corpo, que, en realidade, non era tan pesado... E préstame escuitar de noite as estrelas, que sôan como cincocentos millois de esquías...

Mais ocorre algo extraordinario. Al bozal que pintei al principín, esqueicín pintarlle a correa de coiro. Non debeu poder amarrarlla al cordeiro.

– Que ocorrerá no sou planeta? –pergúntome–. Talvez el cordeiro xa comeu a flor...

Dacuando dígome que non. El principín cobre a flor coa campá de vidro todas as noites e vixila el cordeiro. Daquela síntome feliz e todas as estrelas sorrín docemente.


Mais outras veces penso: "Alguha vez pode distraerse un e con eso abasta. Se uha noite esqueiceu poer a campá ou se el cordeiro saliu sen faer ruído..."

E daquela as esquías tórnanse en lágrimas...

E aí está el gran misterio. Para vostés que queren al principín, el mesmo que para min, nada no universo terá cambiado se, en calquera parte, quen sabe onde, un cordeiro descoñecido comeu ou non uha rosa...


Mais boten uha ollada para el célo e pergúntenlle: comeu el cordeiro a flor? E verán como todo cambia.

Nenguha persôa maior poderá xamais chegar a comprender que elo seña realmente importante!



Esta é para min a paisaxe máis formosa e máis triste del mundo. É a mesma paisaxe de enantes, que volvín debuxar para

a veren ben. Foi aquí onde el principín apareceu sobre a Terra para despois desaparecer.



Examínen nel atentamente para saberen recoñecelo se algún día, viaxando por África, atravesan el deserto. Se por casualidade pasan por aí, non teñan présa, róugolles que se deteñan, precisamente, baixo da estrela. Se un neno chega ata vostés, se ese neno ri e ten cabelos dourados e nunca responde as súas preguntas, axina adiviarán quen é. Señan amables con el. E, inmediatamente, avísenme dicindo que volveu. Non me deixen tan triste!